

## **Contestación ó discurso de ingreso da Doctora Dona Paula Godinho como primeira Académica Numeraria da Academia das Ciencias Sociais do Couto Mixto.**

A pregunta que ronda en todos nós é: “que podería ser do Couto Mixto si se tiveran en conta os dereitos históricos dos seus veciños”.

O concepto decimonónico sobre o Couto Mixto era desfavorable e ruín por parte das dúas monarquías ibéricas. O exemplo é o informe de 24 de abril de 1845 da primeira Secretaría de Despacho de Estado de Madrid, apelando o Couto Mixto como integrado por pobos “miserables” y sin dependencia ninguna, así como carente de vinculación a autoridad superior, abrigo de todos los desertores y criminales, y taller de mil atrocidades, mansión del crimen y refugio de los contrabandistas”.

Por iso os motivos polos que non seguiu os pasos de Andorra coido que son os seguintes:

Era un país pequeno e esvaído, con apenas dúas mil seiscentas noventa e cinco hectáreas de superficie, non todas de boa calidade, habitado por 600 a 1.000 habitantes.

Pobre e ningún interese estratéxico, carente de mar.

Dábase nun século “eclecticista e positivista” no que desapareceran os señoríos. Adormecido durante séculos ata que chegou Wellington perseguindo ás hostes do Mariscal Soult dende Portugal, que queimaron a Arca das Tres Chaves onde se gardaban os documentos históricos dos habitantes do Couto Mixto.

Dáse así unha falta de respecto dos dereitos históricos dos que fala Miguel Herrero de Miñón, recoñecido na Constitución Española de 1978 na disposición adicional primeira.

O artigo 7º do Tratado de Lisboa de 1864 recolle que Portugal renuncia a favor de España a todos os dereitos que poida ter sobre o Couto Mixto, e o artigo 27 do mesmo instrumento xurídico marca o prazo dun ano para manter a natureza española ou portuguesa dos habitantes do CM, (Santiago e Rubias escolleron todos a nacionalidade portuguesa, mentres que Meaus, salvo un par de veciños, escolleron a nacionalidade española).

Por outra parte, o Reino de Galicia desaparecera en 1230 con Fernando III, aínda que xa o perdera antes o rei García de Galicia. O Couto Mixto desapareceu co Tratado de Lisboa de 1864. Previamente a foralidade valenciana fora

abolida en 1707. Ningún dos privilexios destes territorios foron recoñecidos polo Código Civil nin pola Constitución Española de 1978. Só os vascos e navarros,

A existencia dos dereitos históricos dos veciños do Couto Mixto, xustifican a necesidade de afondar neste tema. Por iso mesmo creouse a Academia das Ciencias Sociais do Couto Mixto, tendo en conta as doutrinas dos profesores Vedross e Horiou.

Así pois, damos a benvida e o placet á Excelentísima Señora Dona Paula Gondinho á Academia das Ciencias Sociais do Couto Mixto, como primeira académica de número, a quen se unirán outras senlleiras personalidades que aportaran información e coñecementos sobre este territorio e fronteira Galego- Lusitana.

Impoñémoslle a medalla da Academia acreditativa da súa condición e entregámoslle o título correspondente, desexándolle longa vida e traballo exitoso.

Benvida á Academia a Doña Paula Gondinho, e moitas grazas ós presentes, en particular ó seu Director Don Xosé Manuel Cid Fernández, membro nato co mesmo.

Luis Manuel García Mañá

Presidente da AACM.